

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 24 de xullo de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D. José Manuel Figueroa Vila
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. Antonio Coello Bufill
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D^a. Corina Porro Martínez
D^a. Lucía Molares Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trinta minutos do día dezasete de xullo de dous mil seis e baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, Sr. Figueroa Vila, en ausencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. López-Chaves Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(966).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 14/1349.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 10 de xullo de 2006 do xefe do Sector de Sanidade, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a D^a Consuelo Sánchez Fernández.

2(967).- ANULACIÓN DE ADXUDICACIÓNS DE CINCEIROS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE PEREIRÓ. EXPTE. 7638/255.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta da xefa do Negociado de Cemiterios, conformado polo xefe do Sector de Acción Social e máis polo concelleiro da Área de Asuntos Sociais, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro: Aceptar, a petición dos interesados, as renuncias dos cinceiros adxudicados no cemiterio de Pereiró.

Segundo: Que os devanditos cinceiros queden a disposición do Concello para poder realizar novas adxudicacións.

Terceiro: Notifíquese os interesados.

CINCEIROS NO CEMITERIO DE PEREIRO

EXPTE Nº	ADXUDICATARIO	Nº BOCAS	BLOQUE	ZONA
7586/255	Mª Carmen López González	81	36	5
7639/255	Mª Blanca Barreiro Villar	47	36	5
7640/255	Mª Cristina Rodríguez Martínez	107	36	5
7641/255	Mª Beatriz Martínez Barreiro	51	36	5

3(968).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	0620806	3.000,00	2.312,38	687,62	
“	0605733	1.200,00	1.126,07	73,93	
“	0625523	3.000,00	2.990,16	9,84	
BERNARDEZ GIL SELA	0602510	6.000,00	5.961,14	38,86	
CASTILLO MARTIN CARMELO DEL	0605214	500,00	360,35	169,65	
ESPADA RECAREY LUIS	0615864	7.572,60	7.572,60		
“	0620794	12.000,00	12.000,00		
GOMEZ JANEIRO MARIA	0604134	2.329,28	2.329,28		
LOPEZ MOURE JESUS	0619146	9.000,00	9.000,00		
“	0609494	6.960,60	6.960,60		
“	0618851	15.300,00	15.300,00		
“	0622857	6.090,58	6.090,58		
“	0616694	9.280,00	9.280,00		
“	0620113	14.797,00	14.797,00		
“	0629428	40.020,00	40.020,00		
MAGDALENA VILA MARIA JESUS	0609485	320,00	320,00		
“	0609487	600,00	206,60	393,40	
“	0609489	122,07	122,07		
OJEA PEREZ IGNACIO	0608438	600,00	600,00		
OLIVEIRA LOPEZ IGNACIO	0626265	310,00	309,40	0,60	
PINTADO GARCIA CARMEN	0605273	3.000,00	3.000,00		
ROMO PEREZ VICENTE	0626751	500,00	71,74	428,26	
“	0626752	500,00	220,31	279,69	

“	0626750	225,39	225,39		
“	0626749	774,61	0,00	774,61	
NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	0605272	600,00	262,82	337,18	
“	0606704	140,77	159,47		
“	0605916	1.051,00	886,60	145,70	
“	0620793	328,81	328,81		
“	0620774	190,00	385,11		195,11
“	0621338	191,81	191,81		
“	0622473	58,31	58,31		
“	0622474	37,40	37,40		
“	0622657	10.577,91	10.042,98	534,93	
“	0611839	500,00	59,83	440,17	
SANLUIS COSTAS AVELINO	0601348	2.000,00	1.051,35	948,65	
“	0620100	495,80	525,80		30,00
“	0620101	495,80	525,80		30,00
“	0620104	18,70	18,70		
“	0622471	3.128,00	3.128,00		
“	0626249	625,80	625,80		
“	0626251	74,80	37,40	37,40	
“	0626246	600,00	0,00	600,00	
“	0626247	625,80	625,80		
SANROMAN VARELA MARIA JESUS	0604555	1.000,00	986,59	13,41	
“	0603866	6.000,00	4.806,11	1.193,89	
“	0601246	124.500,00	124.492,00	8,00	
“	0622853	63.000,00	62.993,00	7,00	
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	0621377	9.432,00	9.432,00		
“	0620015	12.000,00	11.994,06	5,94	
			374.831,22		

4(969).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DO SERVIZO GALEGO DE IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA PARA MANTEMENTO DO CENTRO PARA ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XENERO. EXPTE. 2456/224.

Vistas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 7 de xuño de 2006, e de acordo co informe proposta de data 17 de xullo da técnica do departamento de Muller conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de Convenio de colaboración que de seguido se transcribe entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Concello de Vigo para a o mantemento do centro de acollida para mulleres vítimas de violencia de xénero:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E O CONCELLO DE VIGO PARA O MANTEMENTO DO CENTRO PARA A ATENCIÓN A MULLERES VÍTIMAS DE VIOLENCIA DEPENDENTE DO CONCELLO.

Santiago de Compostela, [DATA DA SINATURA]

REUNIDOS

Dunha parte: Dona Ana Luísa Bouza Santiago, directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, que actúa en nome e representación deste organismo, segundo o Decreto 413/2005, do 26 de agosto, polo que se dispón o seu nomeamento.

E doutra: D [NOME E APELIDOS], alcalde-presidente [ou CARGO DA PERSOA CON COMPETENCIA] do Concello de Vigo, que actúa no seu nome e representación segundo dispón o seu nomeamento.

Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, que se rexe en canto aos seus obxectivos, funcións, estrutura e funcionamento polo nela previsto e polas normas que a desenvolven, está adscrito á Secretaria Xeral da Igualdade e depende da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, departamento ao que lle corresponden as competencias sobre o deseño das políticas autonómicas en materia de xénero, de loita contra a violencia de xénero e de promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Segundo.- Que no exercicio das súas funcións, a este organismo correspóndelle executar as medidas definidas para a consecución efectiva da igualdade das mulleres, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que realicen as administracións locais a prol dos obxectivos establecidos na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, así como cooperar con tódalas entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

Terceiro.- Que na Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, establécense as medidas que a Xunta de Galicia promoverá nas áreas de prevención, intervención e integración para a erradicación da violencia contra as mulleres, así, atenderá as necesidades temporais de vivenda das vítimas cunha rede de casas de acollida, ofrecerá programas de atención especializada e promoverá a colaboración coas demais administracións públicas nas accións referentes a estas áreas de actuación.

Cuarto.- Que a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero articula medidas dirixidas a reforzar os servizos sociais de información, atención, emerxencia, apoio e recuperación integral, así como o establecemento dun sistema para a eficaz coordinación dos servizos existentes a nivel municipal e autonómico. Establece o dereito das mulleres vítimas de violencia a servizos de atención, de emerxencia, de apoio, de acollida e de atención integral. A organización destes servizos por parte das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais responderá aos principios de atención permanente, atención urxente, especialización de prestacións e multidiscipliniedade profesional.

Quinto.- Que o Concello de Vigo é titular dunha casa de acollida, centro autorizado e en funcionamento, para a atención a mulleres vítimas de violencia de xénero incluída na rede autonómica de centros de atención a mulleres.

Por todo o exposto ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Concello de Vigo para o financiamento dos gastos de persoal e gastos correntes de funcionamento do centro municipal de acollida a mulleres vítimas de violencia de xénero.

SEGUNDA. CONTIDO

O concello comprométese a manter o centro en funcionamento e prestar o servizo integral, de atención, emerxencia, apoio, acollida e de recuperación ás mulleres que esixe a Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

TERCEIRA. ORZAMENTO

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller aboará unha contía de 30.000,00 euros (trinta mil euros) con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.212 A.460.3 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2006 para os gastos de persoal e correntes efectivamente realizados, entre o 1 de decembro de 2005 e o 30 de novembro de 2006, derivados do funcionamento e mantemento do centro.

CUARTA. FORMACIÓN

O persoal do concello que desenvolve a súas funcións con carácter habitual no centro prestando atención ás mulleres participará nas actividades de formación do persoal técnico do centro que ao efecto programe e financie o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e a Secretaría Xeral da Igualdade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar durante a vixencia do convenio.

QUINTA. XUSTIFICACIÓN

O concello presentará xustificacións parciais ata o 80% do importe total a conta da xustificación ou liquidación final mediante certificación de gastos realmente efectuados, na que se desglosarán os tipos de gasto e o seu importe, expedida polo órgano competente que teña atribuídas as facultades de control do cumprimento da finalidade dos fondos, indicando o tipo de gasto e o seu importe, de conformidade co disposto no apartado 2.c) do artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Xunto coa liquidación final presentará, ademais da certificación de gasto, unha declaración comprensiva de tódalas axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para as accións obxecto deste convenio.

SEXTA. COMPROMISOS

O Concello comprométese a:

- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e do Servizo Galego de Promoción de Igualdade do Home e da Muller.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

- Comunicar ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.
- Cumprir co resto das obrigas recollidas no parágrafo 4 do artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.
- Presentar ao remate da vixencia do convenio unha memoria de actuación na que se recollerán as experiencias do funcionamento, que indicará, as persoas atendidas, as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados, o balance de ingresos e gastos, ademais daqueles outros aspectos que o concello considere salientables.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio terá vixencia ata o 30 de novembro de 2006 e amparará os gastos realizados no centro desde o 1 de decembro de 2005 ata o seu remate.

OITAVA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e as persoas ou profesionais dependentes do centro que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este organismo autónomo responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

NOVENA. MODIFICACIÓN E REVOGACIÓN

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

DÉCIMA. NATUREZA ADMINISTRATIVA DO CONVENIO, SEGUIMENTO E CONTROL

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose ós seus efectos polas cláusulas establecidas no mesmo, e no seu defecto, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo, e, se é o caso, da competencia do Tribunal Constitucional. Igualmente seralle de aplicación o previsto en materia de subvencións polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

O seguimento da evolución deste convenio encoméndase á Secretaría do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Para a interpretación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada por unha persoa designada pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e por un/unha representante da entidade local.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en proba da súa conformidade, ámbalas dúas partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

5(970).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E OS CONCELLOS DA COMARCA DE VIGO, DO CONDADO E DO BAIXO MIÑO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN ÁS MULLERES E PROMOCIÓN DA IGUALDADE. EXPTE. 2466/224.

Vistas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 20 de xuño de 2006 e de acordo coa técnica do Departamento da Muller de data 17 de xullo, conformado pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e o Concello de Vigo para a prestación integral do servizo de información ás mulleres na cidade de Vigo, así como a promoción da igualdade das mulleres e dos homes, a través do Centro de Información municipal dependente do Concello.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER E OS CONCELLOS DA COMARCA DE VIGO (VIGO, REDONDELA, NIGRÁN, MOS, FORNELOS DE MONTES, SALCEDA DE CASELAS, PAZOS DE BORBÉN, SOUTOMAIOR, GONDOMAR O PORRIÑO E BAIONA) DO CONDADO (PONTEAREAS, MONDARIZ, MODARIZ BALNEARIO, SALVATERRA DE MIÑO E AS NEVES) DO BAIXO MIÑO (A GUARDA, O ROSAL, OIA, TOMIÑO E TUI) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN AS MULLERES E PROMOCIÓN DA IGUALDADE.

Santiago de Compostela, de 2006

REUNIDOS

Dunha parte:

Dona Ana Luísa Bouza Santiago, directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, que actúa en nome e representación deste organismo, segundo o Decreto 413/2005, do 26 de agosto, polo que se dispón o seu nomeamento.

Doutra:

Don..... alcalde do concello de VIGO

Doutra

Don alcalde do concello de REDONDELA

E doutra

Don alcalde do concello de BAIONA

Doutra:

Don..... alcalde do concello de O PORRIÑO

Doutra:

Don..... alcalde do concello de FORNELOS DE MONTES

Doutra

Don alcalde do concello de MOS

Doutra

Don alcalde do concello de NIGRÁN

Doutra

Don alcalde do concello de PAZOS DE BORBÉN

E doutra

Don alcalde do concello de SALCEDA DE CASELAS

E doutra

Don alcalde do concello de GONDOMAR

E doutra

Don alcalde do concello de SOUTOMAIOR

E doutra

Don alcalde do concello de AS NEVES

E doutra

Don alcalde do concello de MONDARIZ

E doutra

Don alcalde do concello de SALVATERRA DE MIÑO

E doutra

Don alcalde do concello de MONDARIZ BALNEARIO

E doutra

Don alcalde do concello de PONTEAREAS

E doutra

Don alcalde do concello de O ROSAL

E doutra

Don alcalde do concello de TOMIÑO

E doutra

Don alcalde do concello de TUI

E doutra

Don alcalde do concello de A GUARDA

E doutra

Don alcalde do concello de OIA

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para conveniar en nome das entidades que representan,

MANIFESTAN

Primeiro.- Que o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo autónomo creado pola Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, que se rexe en canto aos seus obxectivos, funcións, estrutura e funcionamento polo nela previsto e polas normas que a desenvolven, está adscrito á Secretaria Xeral da Igualdade e depende da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, departamento ao que lle corresponden as competencias sobre o deseño das políticas autonómicas en materia de xénero, de loita contra a violencia de xénero e de promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Segundo.- Que no exercicio das súas funcións, a este organismo correspóndelle executar as medidas definidas para a consecución efectiva da igualdade das mulleres, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que realicen as administracións locais a prol dos obxectivos establecidos na Lei 3/1991, do 14 de xaneiro, así como cooperar con tódalas entidades que polos seus fins ou actividades contribúan á consecución dos obxectivos previstos nesta lei.

Terceiro.- Que as funcións dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), de titularidade municipal ou dunha mancomunidade, están recollidas no artigo 4º Decreto 182/2004, de 22 de xullo, polo que se regulan e se establecen os requisitos para o seu recoñecemento e funcionamento, segundo o cal lles corresponde prestar, de xeito permanente, un servizo integral de información, asesoramento e apoio ás mulleres, con atención individualizada e tamén a grupos de mulleres que colectivamente o demanden.

Cuarto.- Que, de conformidade co establecido no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar servizos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Quinto.- Que nas Comarcas de O Condado, O Baixo Miño e Vigo, os concellos de VIGO, BAIONA, NIGRÁN, SOUTOMAIOR, O PORRIÑO, GONDOMAR, PONTEAREAS, A GUARDA e o de REDONDELA, son titulares de cadanseu Centro de Información ás Mulleres, acreditado conforme ao Decreto 182/2004, do 22 de xullo, en funcionamento e integrado na rede autonómica do CIM.

Sexto.- Que os concellos de FORNELOS DE MONTES, PAZOS DE BORBÉN, e TOMIÑO dispoñen de medios materiais e técnicos nun espazo físico axeitado para a prestación periódica do servizo obxecto deste convenio.

Sétimo.- Que os concellos de FORNELOS DE MONTES, O PORRIÑO, PAZOS DE BORBÉN, TOMIÑO, VIGO, BAIONA, NIGRÁN, SOUTOMAIOR, GONDOMAR, PONTEAREAS, A GUARDA e o de REDONDELA e mailo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller consideran esencial a celebración dun convenio de cooperación que garanta o dereito das mulleres das Comarcas de Vigo, O Condado e O Baixo Miño, ao acceso á información xeral e especializada, dun xeito integral, e que promova a igualdade das mulleres e dos homes.

Por todo o exposto acordan asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

Constitúe o obxecto deste convenio o establecemento das condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, e os concellos das Comarcas O condado, O Baixo Miño e Vigo (Vigo, Nigrán, Pontearreas, Redondela, Gondomar, O Porriño, Tomiño, Baiona, A Guarda, Soutomaior, Fornelos de Montes e Pazos de Borbén), para a prestación integral do servizo de información ás

mulleres da comarca, así como a promoción da igualdade das mulleres e dos homes, a través dos CIM actuantes na comarca, cos seguintes obxectivos:

- 1.- Proporcionar asesoramento xurídico e psicolóxico.*
- 2.- Proporcionar información sobre recursos específicos para mulleres.*
- 3.- Colaborar na asistencia integral ás vítimas de violencia de xénero.*
- 4.- Aplicar o programa nacional de intervención comunitaria na área de igualdade da Secretaría Xeral da Igualdade.*
- 5.- Desenvolver calquera outras actividades que teñan como obxectivo prioritario a promoción da igualdade entre mulleres e homes.*

SEGUNDA.- PRINCIPIOS DE ACTUACIÓN

No desempeño das funcións propias do servizo obxecto do convenio garantirase o anonimato na identidade das usuarias, o respecto a súa vontade na busca de solucións e alternativas, a gratuidade de todos os servizos que se presten, e o respecto á confidencialidade que garantirá a privacidade das comunicacións.

TERCEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

O Ámbito de aplicación acada o ámbito territorial da Comarca de Vigo, o Condado e O Baixo Miño. O servizo prestarase:

Polo CIM de VIGO, BAIONA, NIGRÁN, O PORRIÑO, GONDOMAR E PONTEAREAS, con atención permanente nos seus concellos.

Polo CIM de SOUTOMAIOR, con atención permanente nos seu concello e coa posta en funcionamento dun punto de información periódica no concello de FORNELOS DE MONTES no que se ofrecerá información básica ás mulleres coa fin de que poidan acceder aos recursos dispoñibles dun xeito mais rápido e eficaz para o que é fundamental proporcionar información directa e áxil e que evite os inconvenientes dos desprazamentos a outras localidades, agás para a asistencia especializada.

Polo CIM de A GUARDA con atención permanente nos seu concello e coa posta en funcionamento dun punto de información periódica no concello de O ROSAL no que se ofrecerá información básica ás mulleres coa fin de que poidan acceder aos recursos dispoñibles dun xeito mais rápido e eficaz para o que é fundamental proporcionar información directa e áxil e que evite os inconvenientes dos desprazamentos a outras localidades, agás para a asistencia especializada.

Polo CIM de REDONDELA con atención permanente nos seu concello e coa posta en funcionamento de dous puntos de información periódica nos concellos de PAZOS DE BORBÉN e MOS nos que se ofrecerán información básica ás mulleres coa fin de que poidan acceder aos recursos dispoñibles dun xeito mais rápido e eficaz para o que é fundamental proporcionar información directa e áxil e que evite os inconvenientes dos desprazamentos a outras localidades, agás para a asistencia especializada.

CUARTA.- FUNCIONAMENTO DO SERVIZO

O servizo funcionará con atención permanente nos CIM de luns a venres cun horario de atención ao público mínimo de cinco horas diarias, sendo dúas necesariamente en horario de mañá. O servizo especializado de atención xurídica e psicolóxica prestarase como mínimo seis horas á semana, para cada especialidade, podendo establecerse o sistema cita previa.

Nos puntos de información prestarase o servizo, como mínimo, un día a semana, a razón de dúas horas en cada punto.

Todos os horarios de atención, con indicación expresa dos días, intervalo horario, persoal, especialidades e outras actuacións a realizar estarán expostos, permanentemente, nas oficinas dos CIM e nos taboleiros de todos os concellos da comarca, previo informe da comisión de seguimento.

QUINTA.- OBRIGAS DO SERVIZO GALEGO DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE DO HOME E DA MULLER

O Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, asume os seguintes compromisos:

- 1.- Colaborar no financiamento dos gastos de persoal e de mantemento dos CIM que efectivamente se realicen no período comprendido entre o 1 de decembro de 2005 e o 30 de novembro de 2006.*
- 2.- Proporcionar formación ao persoal que desenvolve habitualmente as súas funcións como persoal técnico dos CIM, mediante a realización das oportunas accións formativas.*
- 3.- Proporcionar, de xeito continuo, información sobre todas as accións nas que participe o organismo directamente relacionadas coas funcións dos CIM.*
- 4.- Colaborar cos concellos implicados na aplicación dos programas de intervención comunitaria na área de igualdade.*

SEXTA.- OBRIGAS DOS CONCELLOS DE VIGO, BAIONA, NIGRÁN, SOUTOMAIOR, O PORRIÑO, CONDOMAR, PONTEAREAS, A GUARDA E REDONDELA

O concello de VIGO, O PORRIÑO, PONTEAREAS, BAIONA, NIGRÁN E GONDOMAR, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, ademais das obrigas establecidas especificamente pola percepción de fondos do SGI, comprométese a garantir a prestación do servizo, mediante o funcionamento permanente do CIM no ámbito do propio concello.

O concello de SOUTOMAIOR, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, ademais das obrigas establecidas especificamente pola percepción de fondos do SGI, comprométese a garantir a prestación do servizo, mediante o funcionamento permanente do CIM e a asistencia presencial, a través do punto de información, por persoal contratado a tempo completo, no concello de FORNELOS DE MONTES, coa periodicidade establecida na cláusula cuarta.

O concello de REDONDELA, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, ademais das obrigas establecidas especificamente pola percepción de fondos do SGI, comprométese a garantir a prestación do servizo, mediante o funcionamento permanente do CIM e a asistencia presencial, a través dos puntos de información, por persoal contratado a tempo completo, nos concellos de PAZOS DE BORBEN e MOS, coa periodicidade establecida na cláusula cuarta.

O concello de A GUARDA, para a realización das actuacións obxecto deste convenio, ademais das obrigas establecidas especificamente pola percepción de fondos do SGI, comprométese a garantir a prestación do servizo, mediante o funcionamento permanente do CIM e a asistencia presencial, a través do punto de información, por persoal contratado a tempo completo, nos concellos de O ROSAL coa periodicidade establecida na cláusula cuarta.

Os concellos de VIGO, BAIONA, NIGRÁN, SOUTOMAIOR, O PORRIÑO, GONDOMAR, PONTEAREAS, A GUARDA e o de REDONDELA, comprométese ademais a:

- 1.- Destinar para o CIM a persoal especializado cos recursos e medios técnicos necesarios, segundo o establecido neste convenio o no Decreto polo que se regula o seu funcionamento.*

- 2.- *Remitir nos quince primeiros días de cada mes os datos das consultas do mes anterior empregando exclusivamente a aplicación informática facilitada polo Servizo Galego de Igualdade.*
- 3.- *Presentar, antes do 31 de decembro do exercicio en curso, unha memoria de funcionamento anual de acordo coas instrucións establecidas ao efecto polo Servizo Galego de Igualdade.*
- 4.- *Cumprir co resto das obrigas recollidas no artigo 78.4 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.*

SÉTIMA.- OBRIGAS DOS CONCELLOS DE FORNELOS DE MONTES, PAZOS DE BORBÉN e TOMIÑO

Os concellos de FORNELOS DE MONTES, PAZOS DE BORBÉN e TOMIÑO, destinarán un local axeitado, con mobiliario e medios técnicos precisos para o establecemento dun punto de información que permita a prestación do servizo, en óptimas condicións e coas garantías establecidas para as usuarias, por parte do persoal dos CIM contratado a tempo completo, no horario determinado ao efecto.

Aboarán os pagamentos correspondentes polos desprazamentos do persoal técnico desde o CIM ata o punto de información, na contía de 0,20 euros por quilómetro e polo prestación do servizo na contía de 10 euros por hora. Estes importes faranse efectivos de xeito nominal nun pagamento por mes directamente ás traballadoras a través dunha axuda de custo.

OITAVA.- RECURSOS HUMANOS DO CIM

Os concellos de VIGO, BAIONA, NIGRÁN, SOUTOMAIOR, O PORRIÑO, GONDOMAR, PONTEAREAS, A GUARDA e o de REDONDELA facilitarán ao SGI, ao asinar o convenio, a relación de persoal adscrito ao centro, indicando nome e apelidos, titulación, horario laboral e as funcións que desempeña xunto cunha copia do contrato ou do nomeamento. Así mesmo, indicarase o horario, lugar e persoal que vai prestar o servizo nos puntos de información.

Nos casos en que o persoal técnico do CIM sexa contratado temporalmente para a prestación do servizo establecido no presente convenio, e tendo en conta o establecido no Decreto 182/2004, do 22 de xullo, as contratacións axustaranse ás seguintes normas:

- a) *O CIM contará, como mínimo, con directora, avogada e psicóloga con experiencia profesional e en igualdade de oportunidades. Será mérito preferente ser axente de igualdade e/ou traballadora social. As funcións de dirección son compatibles tanto coas de asesoramento xurídico como coas de atención psicolóxica.*
- b) *No procedemento de contratación do persoal garantíranse os principios de publicidade, mérito, capacidade e transparencia.*
- c) *A publicidade da convocatoria das prazas realizarase durante dous días nun xornal de implantación na comarca, así como no taboleiro de anuncios dos concellos e do CIM, cun prazo de presentación de solicitudes non inferior a 10 días.*
- d) *O baremo de méritos a seguir no proceso de selección, que será informado pola comisión de seguimento do convenio, deberá contar, para cada praza, coa aprobación previa á publicación da convocatoria do Servizo Galego de Igualdade.*
- e) *O órgano competente remitirá ao Servizo Galego de Igualdade certificado do resultado da selección xunto con copia do contrato ou nomeamento correspondente.*

NOVENA.- FORMACIÓN CONTINUA DO PERSOAL DO CIM

O persoal técnico responsable da prestación do servizo participará nas actividades de formación que ao efecto programe e financie o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller durante a vixencia do convenio.

DÉCIMA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento establecido para o CIM de VIGO ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O orzamento establecido para o CIM de O PORRIÑO ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O orzamento establecido para o CIM de SOUTOMAIOR ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O custo establecido para a prestación do servizo no punto de información de FORNELOS DE MONTES Ecorrespondente ás axudas de custo do persoal ascende a 135 euros mensuais respectivamente.

O orzamento establecido para o CIM de REDONDELA ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O custo establecido para a prestación do servizo nos puntos de información de PAZOS DE BORBÉN correspondente ás axudas de custo do persoal ascende a 108 euros mensuais.

O orzamento establecido para o CIM de PONTEAREAS ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O orzamento establecido para o CIM de BAIONA ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O orzamento establecido para o CIM de NIGRAN ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O orzamento establecido para o CIM de GONDOMAR ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O orzamento establecido para o CIM de A GUARDA ascende a euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal: euros

Gastos correntes de mantemento: euros

Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade do CIM:

O custo establecido para a prestación do servizo no punto de información de TOMIÑO correspondente ás axudas de custo do persoal ascende a 120 euros mensuais.

a) Para a realización dos compromisos asumidos na realización das actuacións obxecto deste convenio o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller aboará con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.212A460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2006, a cantidade de 270.000 euros destinada para o financiamento dos gastos correntes e de persoal dos CIM cun máximo de 30.000€ para cada CIM.

Esta acción está cofinanciada con fondos reflectidos no Marco Comunitario de Apoio da Unión Europea, a través do Fondo Social Europeo. Das contías reflectidas o FSE aporta o 80% e o Servizo Galego de Igualdade o 20%.

c) Os concellos asumirán a contía restante do custo necesario, de acordo coas súas obrigas, para o mantemento do CIM e dos puntos de información.

DÉCIMO PRIMEIRA.- XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

Os concellos de VIGO, NIGRÁN, BAIONA, REDONDELA, SOUTOMAIOR, O PORRIÑO, GONDOMAR, A GUARDA E PONTEAREAS destinatarios da financiación achegada polo Servizo Galego de Igualdade presentarán a xustificación de gastos efectivamente realizados que se axustará ao disposto no Regulamento (CE) 1784/1999, do 12 de xullo, relativo ao Fondo Social Europeo, no Regulamento (CE) 438/2001 da Comisión, do 2 de marzo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1260/1999 do Consello en relación cos sistemas de xestión e control de axudas outorgadas con cargo a Fondos Estruturais; no Regulamento (CE, Euratom) 1605/2002, do 25 de xuño, polo que se aproba o regulamento financeiro aplicable ao orzamento xeral das Comunidades Europeas, no Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2006; no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; nesta resolución e demais normativa de aplicación.

Poderán presentar xustificacións parciais ata o 80% do importe máximo a conta da xustificación ou liquidación final a medida que xustifiquen a realización de gastos.

As xustificacións de gastos, sexan parciais ou totais, realizaranse mediante facturas, ou documentos equivalentes, orixinais ou compulsadas, xustificativas dos gastos realizados xunto cunha declaración da entidade local indicativa do gasto total realizado e que se destinou ao fin establecido. As facturas, ou documentos equivalentes estarán emitidos conforme á normativa vixente e acompañaranse, se é o caso, dos xustificantes de ter aboado as cotas, taxas ou impostos correspondentes.

A xustificación acompañarase das certificacións de estar ao corrente coas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e sociais, que poden substituírse por unha autorización para que o Servizo Galego de Igualdade solicite esta información aos órganos competentes; e dunha declaración comprensiva de tódalas axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas administracións públicas, ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades para as accións obxecto deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- OBRIGAS DERIVADAS DA PERCEPCIÓN DE FONDOS

Os concellos de VIGO, NIGRÁN, BAIONA, REDONDELA, SOUTOMAIOR, O PORRIÑO, GONDOMAR, A GUARDA E PONTEAREAS, perceptores de fondos do Servizo Galego de Igualdade están obrigados a:

- 1.- Ser titular e suxeito pasivo de tódalas obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio.
- 2.- Destinar os fondos percibidos ao obxecto para o que foron concedidos.
- 3.- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polos órganos competentes do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino dos fondos.
- 4.- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, do Fondo Social Europeo, da Unidade Administradora do Fondo Social Europeo do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller para realizar as comprobacións e verificacións que se consideren precisas para a constatación do cumprimento do establecido nas normas vixentes que resulten de aplicación e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- 5.- Comunicar ao Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou ente público.
- 6.- Cumprir co resto das obrigas recollidas no parágrafo 4 do artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na redacción dada a este precepto pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE E DIFUSIÓN DO SERVIZO

A información e publicidade das accións establecidas neste convenio realizaranse de acordo co disposto no Regulamento (CE) núm. 1159/2000 da Comisión, de 30 de maio, sobre as actividades de información e publicidade que deben levar a cabo os Estados membros en relación coas intervencións dos Fondos Estruturais e demais normativa de aplicación.

Nas oficinas do CIM e nos puntos de información figurará, de forma visible, un cartel no que se indique que a acción está financiada polo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, organismo adscrito á Secretaría Xeral de Igualdade e dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia, polo Fondo Social Europeo cos seus respectivos anagramas. Os modelos de publicidade estarán dispoñibles na páxina web do Servizo de Igualdade.

DÉCIMO CUARTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o desenvolvemento e bo fin deste convenio constituirase unha comisión de seguimento que velará polo cumprimento das obrigas das partes e adoptará cantas medidas e especificacións técnicas sexan precisas de cara a garantir que as competencias se exercen de forma coordinada.

Especialmente deberá informar os baremos de contratación de persoal e os horarios de atención nos centros e puntos de información.

Esta comisión estará integrada por unha persoa designada pola directora do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e por un/unha representante de cada entidade local asinante, ademais da secretaria do Servizo Galego de Igualdade que a presidirá e na que actuará como secretaria/o, con voz pero sen voto, un funcionario ou funcionaria do Servizo Galego de Igualdade. A comisión deberá constituírse formalmente no prazo dun mes desde a sinatura do convenio, celebrará cantas sesións sexan necesarias para o cumprimento dos seus fins, previa convocatoria da presidenta, por propia iniciativa ou tendo en conta as peticións dos demais membros. En todo caso, reunirse unha vez ao ano ao fin de verificar e comprobar o resultado das obrigas contraídas establecendo as directrices e instrucións que considere oportunas.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

DÉCIMO QUINTA.- RELACIÓN CONTRACTUAL

O presente convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 2/2000, de 16 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, en virtude do establecido no seu artigo 3, non obstante, os principios da citada lei serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

Así mesmo, a subscripción do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre o Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este organismo autónomo responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

DÉCIMO SEXTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas as seguintes:

- *O incumprimento de calquera das cláusulas que nel se establecen.*
- *A aplicación total ou parcial dos fondos autorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.*
- *A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.*
- *Os demais supostos previstos no artigo 78.10 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.*

DÉCIMO SÉTIMA.- XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose ós seus efectos polas cláusulas establecidas no mesmo, e no seu defecto, para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo, e, se é o caso, da competencia do Tribunal Constitucional. Igualmente seralle de aplicación o previsto en materia de subvencións polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, polo Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia e pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola directora xeral do Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tendo en conta o disposto no artigo 44 da lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMO OITAVA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 31 de decembro de 2006 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas durante o exercicio 2006 para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

A denuncia do mesmo por algunha das partes deberá realizarse cunha antelación mínima de tres meses antes de finalizar o período de vixencia.

6(971).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE URBANIZACIÓN DO CONTORNO DO CENTRO CÍVICO DE SAIÁNS. EXPTE. 3041/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.07.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 30.06.06, conformado polo xefe de Área ce Contratación e Novos Proxectos, a delegada do Goberno da Área de Atención Cidadá e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de urbanización do contorno do centro cívico de Saiáns redactado polo Arquitecto D. Juan Luis Piñeiro Ferradas .

2º.- Autorizar o gasto de 38.000 euros para a execución das obras do proxecto de urbanización do contorno do centro cívico de Saiains que se imputaran a partida 4631.630.00.00.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas para a contratación por procedemento negociado da execución das obras do proxecto de urbanización do contorno do centro cívico de Saiáns de data 30.06.06.

4º.- Solicitar ofertas al menos a tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

7(972).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL CONSUMIBLE INFORMÁTICO PARA O CONCELLO DE VIGO 2006. EXPTE. 2438/113.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 26.06.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación do 30.06.06, conformado polo xefe de Área

ce Contratación, a delegada do Goberno da Área de Informática e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 40.000 euros para a subministración de material consumible informático para o Concello de Vigo. que se imputarán á partida presupuestaria 12172200200 do vixente presuposto.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a subministración de consumibles informáticos para o Concello de Vigo.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

8(973).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE LOITA CONTRA INCENDIOS. EXPTE. 4155/306.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.07.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a FORSAI, S.L. por un prezo de 920 euros/día, IVE engadido, a prestación dos servizos de colaboración en materia de loita contra incendios forestais, todo iso de acordo cos pregos de prescripcións técnicas e administrativas aprobado pola Xunta de Goberno de 22.05.06 e a oferta presentada.

9(974).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS. EXPTE. 47995/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 17.07.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. por un importe de 113.016,17 euros, a execución das obras de supresión de barreiras arquitectónicas, todo isto de acordo co proxecto, pregos de prescripcións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 20.03.2006 e a oferta presentada.

10(975).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE NOVA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA NAS RÚAS SAN PAIO DE NAVIA E FONTÁNS. EXPTE. 46193/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 10.07.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. por un prezo de 219.987,47 euros e un prazo de 30 días, e cun prazo de garantía de 48 meses, a execución das obras de instalación da nova rede de abastecemento de auga nas rúas San Paio de Navia e Fontáns, todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno de 20.03.2006 e a oferta presentada.

11(976).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A REPARACIÓN DE HUMIDADES EN LOCAIS DA RÚA LAXE. EXPTE. 172/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 18.07.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a CAFSA CONSTRUCTORA por un prezo de 58.990 euros, o proxecto de reparación de humidades nos locais da Rua Laxe, todo iso de acordo co proxecto, pregos de prescricións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 22.05.2006 e a oferta presentada.

12(977).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A REMODELACIÓN DA ZONA DAS OSTRAS, FASE 2 (RÚA PESCADERÍA E BAIXADA Á FONTE). EXPTE. 162/443.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 17.07.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a UTE MOVEXVIAL, S.L. - HIDROMIÑO, S.L. por un importe de 294.000 euros, a execución das obras de remodelación da zona da Ostra (fase 2ª: Rúas Pescadería e baixada a Fonte), todo isto de acordo co proxecto, pregos de prescricións técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local de 08.05.2006 e a oferta presentada.

13(978).- AUTORIZACIÓN DA REALIZACIÓN DE OBRAS NA CAFETERÍA DA CASA DO CONCELLO. EXPTE. 17643/240.

Examinadas as actuacións do expediente e visto o informe-proposta de data 12 de xullo do xefe de Patrimonio, conformado polo concelleiro delegado, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Autorizar a D. Jose Barral Domínguez a realización das obras de comunicación do local da cafeteria na planta -1 do edificio do Concello coa zona anexa exterior (terraza) de uso público, baixo as seguintes condicións xurídicas e técnicas:

1. A autorización comprende exclusivamente o dereito a instalación dunha porta de acceso e construción dunha pasarela de comunicación entre a cafeteria do Concello e a zona exterior

colindante, así como para a realización das obras de adecuación, reparación e reposición de dita zona, non implicando en ningún caso cesión do dominio público nin de facultades dominicais sobre o mesmo.

2. A presente autorización outórgase con independencia do contrato asinado entre esta Administración e o autorizado para a prestación do servizo da cafetería da casa do Concello, ao que non resulta vencellado nin constitue unha modificación na superficie do local adicado a cafetería nin do seu rexime contractual.
3. A presente autorización ten carácter persoal, non sendo transmisíbel a terceiros, nin susceptíbel de ser gravada con carga ningunha.
4. As obras executaranse polo interesado de acordo co presuposto achegado, da empresa Aluminios Gonzalez SL, por un importe de 9.086,28 euros, baixo a dirección e supervisión do Arquitecto de Patrimonio, con extracta suxeición ás directrices técnicas que sinale, e axustaranse ás condicións de seguridade requiridas no informe do departamento da Policía Local referenciado nos antecedentes da presente.
5. O custe das obras e instalacións serán por conta do autorizado, quedando de propiedade do Concello unha vez executadas e recepcionadas, e sen dereito a indemnización ou contraprestación económica ningunha a prol do autorizado.
6. O uso e utilización da nova porta, como elemento integrado no edificio municipal, sométese ó rexime xeral das instalacións do edificio da Casa do Concello, dependente das áreas de Servizos Xerais e de Rexime Interior.

Sen perxuízo das condicións xerais ou particulares que poidan fixar ditas Areas para a utilización da porta e zona anexa quedan establecidas as seguintes condicións básicas:

- A apertura ao uso da porta autorizarase polo Concelleiro de Patrimonio, unha vez recepcionadas as obras, previo informe do arquitecto director e do inspector xefe da Policía Local consonte se axustan ás condicións técnicas e de seguridade esixidas.
 - O seu uso coincidira co horario de apertura da cafetería do Concello.
 - A porta de comunicación do local da cafetería coa terraza anexa en ningún caso pode constituir un punto de acceso ou saída do edificio municipal para funcionarios ou público en xeral.
 - O Concello podera en calquera momento, sen necesidade de preaviso, por motivos de seguridade ou de interese municipal, restrinxir o seu uso, suspendelo con carácter temporal ou indefinido, ou anular definitivamente dita porta de comunicación, sen que por isto xere dereito indemnizatorio ningún a prol de terceiros.
7. O aproveitamento especial ou privativo polo autorizado, da zona exterior de uso público, estará suxeita ó pagamento da correspondente taxa, de acordo co previsto na Ordenanza Fiscal reguladora, sendo do seu cargo a limpeza e mantemento de dita zona.

Segundo.- Notificar a presente ao interesado e servizos municipais correspondentes.

14(979).- RENUNCIA DO PADROADO NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS Á CESIÓN EN USO DO EDIFICIO Nº 2 DA RÚA CANOVAS DEL CASTILLO (PLANTAS 2ª, 3ª, 4ª E BAIXO CUBERTA) PARA SEDE ADMINISTRATIVA. EXPTE. 17434/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio do 12.07.06, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión de 27 de febreiro de 2006 acordou autorizar ó Organismo Autónomo Parques Nacionais, o uso temporal, como sede provisional do Parque Nacional das Illas Atlánticas, das plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade. Acordo que foi notificado o 17 de marzo do 2006.

Segundo.- O Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas, mediante escrito con entrada no rexistro xeral deste Concello de data 7 de xullo de 2006, renuncia a dita cesión alegando problemas técnicos e xurídicos xurdidos na execución do contrato de rehabilitación para oficina da sede provisional.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Dacordo co previsto e regulado na lei de RXAP e PAC, todo interesado ten a facultade de renunciar os seus dereitos, sempre que non estea prohibido polo ordeamento xurídico, podendo facela por calquera medio que permita a súa constancia. A renuncia será aceptada de pleno pola Administración e declarado concluso o procedemento(art. 90 e 91 da LRXAP e PAC).

Segundo.- Resulta competente para a aceptación da renuncia formulada polo Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas á autorización outorgada pola Xunta de Goberno Local ó 27.02.2006, o propio órgano de goberno, de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/1985, reguladora de Bases de Réxime Local.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Aceptar a renuncia do Director do Parque Nacional das Illas Atlánticas a autorización outorgada en sesión de 27 de febreiro de 2006 para o uso temporal polo Organismo Autónomo dos Parques Nacionais, como sede provisional do Parque Nacional das Illas Atlánticas, das plantas 2ª, 3ª, 4ª e baixo cuberta do edificio denominado Berbes, sito na Rúa Canovas del Castillo nº 2 desta cidade.

Segundo.- Declarar concluso o procedemento administrativo e archivar o expediente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(980).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A INDUCOM MEDIA S.L. EXPTE. 1339/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Oficina técnica de Informática do 29.06.06, o informe de Intervención Xeral do 4.07.06 e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 12.07.06, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Inducom Media S.L. a fianza de 480,81 € constituída para responder da subministración de material informático xa que foi recibido mediante acta de 2002 conforme as condición do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

16(981).- RECLAMACIÓN DE D^a. CLARA CASTROVIEJO BOLIVAR DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 782/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.07.06, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Clara Castroviejo Bolivar presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de outubro de 2005, no que expón que o día 4 de outubro de 2005, camiñando pola rúa Carral, á altura do restaurante Bitácora, tivo unha caída tras pisar unha tapa de fero que protexía un rexistro da rede de sumidoiros, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 26/10/2005, no que indican que a empresa Necso realizaba obras na zona.*
- *Parte do servizo da Policía Local, de data 04/10/2005, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, a Sra. Castroviejo relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia do rexistro que basculaba xunto a un palé da empresa Necso.*
- *Copia do Convenio específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Programa Vigo 2005.*
- *Informe da empresa construtora Acciona Infraestructuras, de data 31/05/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 14/06/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo o informe do servizo de Vías e Obras, de data 26 de outubro de 2005 na data e lugar indicados pola denunciante estábanse a realizar obras correspondentes ó Proxecto Humanización das Rúas do Entorno da Praza de Compostela. As devanditas obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das Rúas do Entorno da Praza de Compostela atópanse comprendidas no ámbito dun Convenio entre Zona Franca e o Excmo. Concello de Vigo polo que este pon a disposición da primeira os terreos para a realización das mesmas.

Considerando que a estipulación segunda. B) do Convenio Específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Desenvolvemento do Programa Vigo 2005 establece que “Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiara na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos”.

Considerando que o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, dispón no seu apartado nº 1 que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e no seu apartado nº 3 que deberá ser o órgano de contratación, a requirimento dos terceiros afectados, producido dentro do ano seguinte á produción do feito, ou que, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes correspóndelle a responsabilidade dos danos.

Á vista destes datos, dado que as obras, se ben son de propiedade municipal eran realizadas por outra Administración, a cal ostenta a cualidade de órgano de contratación, a responsabilidade deberá esixirse ó Consorcio da Zona Franca, administración que no seu caso, poderá imputarlle á empresa contratista que realiza as obras. Non sendo posíbel vincular o accidente padecido por Dna. Clara Castroviejo Bolívar ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, ou ben á Administración contratante das obras ou ben á empresa encargada de realizar as mesmas, non se aprecia responsabilidade patrimonial desta Administración, e deberá ser o Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de órgano de contratación, a Administración que determine a que corresponde a devandita responsabilidade, no caso de existir esta.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Clara Castroviejo Bolívar, por canto o Excmo Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a cualidade de Administración contratante das obras causantes dos danos”.

2º.- Dar traslado da presente reclamación ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de Administración contratante das obras, para que proceda, se o estima oportuno, á tramitación da presente reclamación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(982).- RECLAMACIÓN DE D^a. SUSANA LÓPEZ BARRERAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 779/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.07.06, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Susana López Barreras presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 4 de outubro de 2005, no que expón que o día 23 de setembro de 2005, camiñando pola rúa Colón, á altura do número 4, tivo unha caída tras tropezar nun monte de entullos que deixara depositado na vía a empresa Necso, producíndose danos de carácter físico e material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe da empresa construtora MovexVial, de data 12/12/2005.*
- *Informe da oficina de Supervisión de proxectos e Inspección técnica de obras, de data 18/01/2006, no que indican que no lugar do accidente a empresa Necso realizaba obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das rúas do contorno da praza de Compostela.*
- *Copia do Convenio específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Programa Vigo 2005.*
- *Informe da empresa construtora Acciona Infraestructuras, de data 06/03/2006.*
- *Informe do servizo da Policía Local, de data 24/03/2006, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.*
- *Informe da empresa construtora Acciona Infraestructuras, de data 31/05/2006.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 19/06/2006, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Segundo o informe da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras, de data 18 de xaneiro de 2006, na data e lugar indicados pola denunciante estábanse a realizar obras correspondentes ó Proxecto Humanización das Rúas do Entorno da Praza de Compostela. As devanditas obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das Rúas do Entorno da Praza de Compostela atópanse comprendidas no ámbito dun Convenio entre Zona Franca e o Excmo. Concello de Vigo polo que este pon a disposición da primeira os terreos para a realización das mesmas.

Considerando que a estipulación segunda. B) do Convenio Específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Desenvolvemento do Programa Vigo 2005 establece que “Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiara na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos”.

Considerando que o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, dispón no seu apartado nº 1 que “Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato” e no seu apartado nº 3 que deberá ser o órgano de contratación, a requirimento dos terceiros afectados, producido dentro do ano seguinte á produción do feito, ou que, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes correspóndelle a responsabilidade dos danos.

Á vista destes datos, dado que as obras, se ben son de propiedade municipal eran realizadas por outra Administración, a cal ostenta a cualidade de órgano de contratación, a responsabilidade deberá esixirse ó Consorcio da Zona Franca, administración que no seu caso, poderá imputarlle á empresa contratista que realiza as obras. Non sendo posibel vincular o accidente padecido por Dna. Susana López Barreras ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, ou ben á Administración contratante das obras ou ben á empresa encargada de realizar as mesmas, non se aprecia responsabilidade patrimonial desta Administración, e deberá ser o Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de órgano de contratación, a Administración que determine a que corresponde a devandita responsabilidade, no caso de existir esta.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Susana López Barreras, por canto o Excmo Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a cualidade de Administración contratante das obras causantes dos danos”.

2º.- Dar traslado da presente reclamación ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa calidade de Administración contratante das obras, para que proceda, se o estima oportuno, á tramitación da presente reclamación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(983).- RECLAMACIÓN DE D. DANIEL RAMÓN NOGUERA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 730/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.07.06, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Daniel Ramón Noguera Gómez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 22 de agosto de 2005, no que expón que o día 20 de agosto de 2005, camiñando pola rúa Velázquez Moreno, esquina coa praza de Compostela, tivo unha caída por mor dunha focha que non tiña valos nin sinalización, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo da Policía Local, de data 25/08/2005, no que manifestan non teren constancia dos feitos reclamados.
- Informe da oficina de Supervisión de proxectos e Inspección técnica de obras, de data 21/10/2005, no que indican que no lugar do accidente a empresa Necso realizaba obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das rúas do contorno da praza de Compostela.
- Práctica de proba testifical, en data 15/11/2005, ás testemuñas propostas polo reclamante, que confirman os extremos alegados polo Sr. Nogueira.
- Copia do Convenio específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o desenvolvemento do Programa Vigo 2005.
- Informe da empresa construtora Acciona Infraestructuras, de data 31/05/2006.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, en data 20/06/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Segundo o informe do servizo da oficina de Supervisión de proxectos e Inspección técnica de obras, de data 21 de outubro de 2005 na data e lugar indicados pola denunciante estábanse a realizar obras correspondentes ó Proxecto Humanización das Rúas do Entorno da Praza de Compostela. As devanditas obras correspondentes ó Proxecto de Humanización das Rúas do Entorno da Praza de Compostela atópanse comprendidas no ámbito dun Convenio entre Zona Franca e o Excmo. Concello de Vigo polo que este pon a disposición da primeira os terreos para a realización das mesmas.

Considerando que a estipulación segunda. B) do Convenio Específico de Colaboración entre o Concello de Vigo e o Consorcio da Zona Franca de Vigo para o Desenvolvemento do Programa Vigo 2005 establece que "Aprobados os proxectos, o Consorcio licitará, contratará, financiara na parte que lle corresponda e executará as obras proxectadas e asumirá a dirección dos respectivos contratos".

Considerando que o artigo 97 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, dispón no seu apartado nº 1 que "Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e perdas que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato" e no seu apartado nº 3 que deberá ser o órgano de contratación, a

requirimento dos terceiros afectados, producido dentro do ano seguinte á produción do feito, ou que, oído o contratista, se pronuncie sobre a cal das partes contratantes correspóndelle a responsabilidade dos danos.

Á vista destes datos, dado que as obras, se ben son de propiedade municipal eran realizadas por outra Administración, a cal ostenta a cualidade de órgano de contratación, a responsabilidade deberá esixirse ó Consorcio da Zona Franca, administración que no seu caso, poderá imputarlle á empresa contratista que realiza as obras. Non sendo posibel vincular o accidente padecido por D. Daniel Ramón Noguera Gómez ó funcionamento de ningún servizo público municipal, polo que falla o presuposto esencial para que entre en xogo a responsabilidade patrimonial do Excmo. Concello de Vigo, que polo tanto carece de lexitimación pasiva no presente procedemento.

Acreditado que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, ou ben á Administración contratante das obras ou ben á empresa encargada de realizar as mesmas, non se aprecia responsabilidade patrimonial desta Administración, e deberá ser o Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de órgano de contratación, a Administración que determine a que corresponde a devandita responsabilidade, no caso de existir esta.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Daniel Ramón Noguera Gómez, por canto o Excmo Concello de Vigo carece de lexitimación pasiva no correspondente procedemento ó non ostentar a cualidade de Administración contratante das obras causantes dos danos”.

2º.- Dar traslado da presente reclamación ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, na súa cualidade de Administración contratante das obras, para que proceda, se o estima oportuno, á tramitación da presente reclamación.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(984).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a DOLORES ESTÉVEZ CASTRO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 221/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCC SA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.07.06, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. M^a Dolores Estévez Castro presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 15 de xuño de 2004, no que expón que o día 23 de maio de 2004, mentres camiñaba pola rúa Caldas de Reis, sufriu unha caída por tropezar cunha arqueta que sobresaía na beirarrúa, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informe do servizo de Vías e Obras, con data 22/10/2004, no que indican a existencia de arquetas e baldosas desniveladas na beirarrúa.*

- Informe do servizo da Policía Local, con data 02/12/2004, no que indican non teren constancia dos feitos reclamados.
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 2.231,98 euros.
- Práctica de proba testifical, con data 20/04/2005, ás testemuñas propostas pola reclamante, que confirman os extremos alegados pola Sra. Estévez.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/05/2005, manifestando que a zona onde se produciu a caída non figura como propiedade municipal.
- Informe do Inventario Municipal, con data 15/06/2005, no que indican que a vía onde ocorreu o accidente consta de alta no Inventario municipal de titularidade pública.
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 06/10/2005, manifestando que a beirarrúa onde ocorreu o accidente é de titularidade do edificio que linda, correspondente o seu mantemento ó mesmo.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións con data 03/11/2005.
- Informe da U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, de data 13/06/2006.
- Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, en data 27/06/2006, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministración de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.l l e 26.1.a da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputábel a un terceiro, neste caso, á empresa concesionaria. Á vista da documentación obrante no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de

augas, xa que o accidente se produciu debido a existencia dunha tapa de rexistro levantada por enriba do nivel da beirarrúa, tal e como manifesta a testemuña presencial dos feitos.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece no artigo 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª do Decreto de 17 de xunio de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais e 121.2 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible, e consonte o artigo 123 da mesma lei “Cando se trate de servizos concedidos, a reclamación dirixiráselle á Administración que outorgou a concesión, na forma prevista no párrafo segundo do artigo 122, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quén debe pagala, de acordo co párrafo segundo do artículo 121. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso”.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dña. Mª Dolores Estévez Castro.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 2.231,98 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(985).- RECLAMACIÓN DE D. SATURNINO GONZÁLEZ BUGARÍN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 15313/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 14.07.06, conformado polo xefe da Unidade de Patrimonio, que di o seguinte:

Antecedentes:

D. Saturnino González Bugarín presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 17 de setembro de 2002, polos danos sufridos por mor dun accidente acaecido o día 15 de febreiro de 2002 cando estando estacionado o vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-2397-BP, na avenida Citroen, unhas láminas metálicas desprendidas dun panel informativo golpearon o vehículo, causándolle danos de carácter material.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 15/02/2002, no que os axentes actuantes manifestan que, persoados no lugar dos feitos, o Sr. González relátalles o accidente que tivera; igualmente comprobán a existencia das láminas metálicas desprendidas do panel informativo aínda que o vehículo do Sr. González xa fora retirado do lugar onde sufriu os danos.*

- Informe do servizo de Circulación Viaria, de data 15/05/2003, no que informan que no lugar citado existe un panel informativo de preaviso de rotonda, composto por lamas, das que faltaban catro unidades, non sendo instalado polo departamento de Tráfico senón posibelmente por Zona Franca debido á remodelación da zona.
- Informe do servizo de Circulación Viaria, de data 20/03/2006, indicando que o panel ó que se refire o solicitante non é competencia deste departamento.
- Informe do Parque Móbil, de data 17/04/2006, comunicando que os prezos contidos no presuposto de Talleres A. Pena, presentado polo reclamante, por un importe de 178,85 euros IVE incluído, resultan razoábeis cos danos descritos, aínda que non exista un detalle exhaustivo da valoración.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 06/06/2006, no que indican que a titularidade da avenida Citröen corresponde ó Consorcio Zona Franca de Vigo.
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 30/06/2006.

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento Administrativo Común:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- d) Que non sexa produto de forza maior.

Constatada polos documentos obrantes no expediente a realidade do dano e maila súa cuantificación económica, procede examinar a existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

A carga da proba da existencia dun dano avaliábel economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos Procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 Lei 30/1992).

Sobre esta base, e á vista do expediente, pode constatarase que a Policía Local acudiu ó lugar dos feitos con posterioridade ó momento de ter acontecido o accidente, polo que os axentes actuantes non foron testemuñas oculares do mesmo e aínda que poden acreditar que a existencia no lugar das láminas metálicas desprendidas do panel informativo, no entanto, non poden dar fe de que a causa do accidente fose a presenza destas na calzada e, dado que o vehículo do Sr. González xa fora retirado do lugar, non puideron comprobar a existencia de danos no mesmo, limitándose a recoller as manifestacións do mesmo sobre o accidente. Tampouco existe ningunha testemuña presencial do accidente que poda acreditar estes extremos.

Tendo en conta que, segundo informe do Servizo de Vías e Obras, o vial onde ocorreu o accidente pertence a outra Administración pública, falta un dos requisitos necesarios para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial, e este Concello carece de lexitimación pasiva.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación formulada por D. Saturnino González Bugarín por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non ostentar a titularidade da vía onde ocorreu o sinistro, nin ter asumido título competencial ningún respecto a conservación e mantemento da mesma”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(986).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DE DOUS OFICIAIS CONDUCTORES ADSCRITOS Á ALCALDÍA, CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2006. EXPTE. 16564/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 12 de xullo de 2006 da técnica de RRHH conformado pola xefa da Unidade de Persoal, e visto o informe da Intervención xeral de data 14 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aboar ós seguintes funcionarios, que prestan servizos como conductores adscritos a Alcaldía, as cantidades que para cada un deles se especifica, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, do 25 de abril:

- D. Babilio Costas Fernández, núm. persoal 10257, conductor da Alcaldía, 1.256,97€.
- D. Cesáreo Rocha Paramés, núm. persoal 12256, conductor da Alcaldía, 1.789,89€.

Dease traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

22(987).- ABOAMENTO DE AXUDAS ESPECIAIS DO FONDO SOCIAL DO ANO 2006. EXPTE. 16353/220.

Examinadas as actuacións do expediente, de acordo co informe proposta de data 30 de xuño de 2006 da xefa da Unidade de Persoal conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e visto o informe da Intervención xeral de data 14 de xullo, a Xunta de Goberno Local acorda:

Autorizar o aboamento das seguintes axudas especiais con cargo ó Fondo Social (segundo bases de distribución para o presente ano, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 12 de xuño de 2006) ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	DNI	Nº PERSOAL	EUROS
FERNANDEZ GALLEGO, JOSÉ LUIS	34909660	23024	1.600,00
REGUEIRA DÍAZ, ANTONIO	35942651	9001	623,00
RIELO FRANCO, MARÍA RITA	36067074	23774	350,00
RODRIGUEZ VENTURA, JOSE A.	35527182	9946	667,00
SUMA TOTAL			3.240,00

23(988).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE 9.05.06 DE FLEXIBILIZACIÓN DA XORNADA LABORAL SOLICITADA POLA TRABALLADORA D. ROCÍO BURZÓN ALCAÑIZ. EXPTE. 16386/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Persoal, do 9.05.06, que di o seguinte:

“Autorizá-la redución de xornada por ter unha enfermidade crónica agravada por situacións de stress que afecta gravemente ó normal desenvolvemento da súa vida familiar e laboral solicitada por Dona Rocío Bruzon Alcañiz, número de persoal 18626, con posto de auxiliar de administración xeral adscrita ao Departamento de Educación, de conformidade co previsto no artigo 16. A) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo.

Esta situación durará mentras o estado xeral da paciente se manteña dentro dos mesmos parámetros e coa mesma sintomatoloxía, debendo presentar semestralmente informes médicos á Unidade de Persoal, que decidirá a prolongación ou cancelación da mesma.”

A Xunta de Goberno local queda enterada.

24(989).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS SOBRE REDUCCIÓN DE XORNADA EN UNHA HORA SOLICITADA POLA TRABALLADORA Dª. Mª CARMEN SOTO FERNÁNDEZ E OUTRAS. EXPTE. 16491/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta das resolucións do concelleiro delegado de Persoal sobre redución de xornada dunha hora solicitada pola seguintes traballadoras, que din o seguinte:

a) *“Deixar sen efecto a redución de xornada en unha hora solicitada por Dona Mª Carmen Soto Fernández, número de persoal 23484, con posto de auxiliar de administración xeral, adscrita ó Servizo de Administración de Tributos, coa correspondente redución proporcional de retribucións a partires do día 26 de xuño de 2006. ”*

b) *“En aplicación do Acordo da Xunta de Goberno Local de 5 de xuño de 2006 e artigos 11 do acordo regulador e Convenio laboral dos empregados desta administración, a redución de xornada estival enténdese tamén de aplicación á traballadora deste Concello Dª. Carmen María Sanz Alonso, número de persoal 22125, en tempo proporcional á súa xornada real de traballo, correspondéndolle disfrutar deste xeito 41 minutos de redución en horario de verán ao ter xa concedida unha redución de xornada por interese particular con diminución de retribucións ata o 75 % do seu salario en xornada completa.*

A referida redución deberá disfrutarse na súa última hora de traballo, toda vez que a redución establecida pola Alcaldía Presidencia para o resto do persoal municipal establécese tamén na última hora da xornada ordinaria, de xeito que a súa hora oficial de saída durante o horario reducido de verán serán ás 13 horas e 19 minutos.”

c)“Deixar sen efecto entre o 15 de xuño e o 15 de setembro do ano en curso a redución de xornada en unha hora con redución proporcional de retribucións solicitada por Dona Cristina Gómez García, número de persoal 78121, con posto de Diplomada en Traballo Social, adscrita ao Departamento da Muller.. ”

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(990).- PROXECTO DE NORMALIZACIÓN DE FINCAS NA UNP4 DO PERI IV-01 SAN ROQUE. APROBACIÓN DEFINITIVA. EXPTE. 4636/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 10.07.06, conformado polo arquitecto xefe de Planeamento, que di o seguinte

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- En data 29/07/2002 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente a modificación puntual núm. 23 do PXOU-93, referida a un ámbito de solo urbano cuxa ordenación pormenorizada se remitiu ao “PERI IV-01 San Roque” (exp. 6527/411, BOP núm. 184, de 25/09/2002 e DOG núm. 192, de 04/10/2002).

2º.- No 28/06/2004 o Pleno municipal acordou aprobar definitivamente o Plan Especial de Reforma Interior “IV-01 San Roque” (exp. 8159/411). As súas normas e ordenanzas publicáronse no BOP 164, do 25/08/2004. Nese PERI delimitouse, en solo urbano consolidado, a Unidade de Normalización de Predios núm. 4, que abrangue as parcelas sitas na r/ Couto Piñeiro núms. 12, 14 e 16 e unha pequena franxa da parte traseira da sita na r/ Colombia 20.

3º.- En data 21/11/2005 o representante da entidade mercantil “Viuconsa SA” presentou na Xerencia Municipal de Urbanismo solicitude de tramitación e aprobación do proxecto de normalización de fincas da devandita unidade núm. 4. Achegou ao efecto diversa documentación, con Memoria e Planos asinados polo arquitecto D. Enrique Rodríguez Alfaro, que foi completada e rectificada -previo requirimento dos técnicos municipais- con outra presentada nos días 02/01/2006 e 13/02/2006, visada polo COAG no 10/02/2006. Achegou tamén unha autorización dos propietarios das fincas iniciais 73, 74 e 75 para promover esta actuación.

No 24/02/2006 o arquitecto e o técnico de administración xeral da oficina municipal de Planeamento emitiron un Informe sobre o proxecto corrixido de normalización de fincas.

4º.- No 06/03/2006 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente o Proxecto de Normalización de Fincas. A continuación abríuse un trámite de audiencia polo prazo de 20 días hábiles, mediante notificación individualizada aos interesados e publicación de anuncios no diario Faro de Vigo do 07/04/2006 e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra dos días 04/04/2006 e 11/05/2006.

Durante dito período interpuxéronse un total de dous escritos de alegacións, subscritos, respectivamente por D. Avelino Gutiérrez Landeiro (doc. 60043200) e Dª Purificación Domínguez Taboada.

Déuselle traslado dunha copia deses escritos á entidade mercantil “Viuconsa SA”, que procedeu a respostalos mediante un Informe presentado no 30/06/2006.

CONTIDO E OBXECTO DO PROXECTO DE NORMALIZACIÓN

O Proxecto de Normalización de Predios, na súa última versión, componse dun único tomo co seguinte contido:

Memoria

ANEXOS

Ficha e planos do PERI IV-01 San Roque

Copias de escrituras de propiedade

Copias de certificacións catastrais

Copia de certificacións rexistras

PLANOS

1. Situación e emplazamento

2. Parcelario – estado actual

3. Plano de Fincas Normalizadas

4. Plano 4 – Delimitación da UNP Parcelario actual-Fincas Normalizadas.

A Ficha de características, que para esa UNP 4 establece o PERI aprobado definitivamente é a seguinte:

FICHA DA UNIDADE DE NORMALIZACION DE PREDIOS UNP 4

Situación: Rúa Couto Piñeiro

Superficie aproximada: 303,28 m²

Delimitación : Figura nos planos PR-03 e PR-04

Parcelas incluídas: 70 (parte), e 73,74 e 75 .

(No apartado 5 da Memoria Xustificativa do PERI figura relación de propietarios a título informativo, segundo datos do I.B.I.)

Obxectivo da normalización: Regularización da configuración física dos predios unha vez conseguida a apertura do vial de acceso posterior ás vivendas da Rúa Colombia , e a adecuación das rasantes ó nivel da Rúa Couto Piñeiro, para conseguir parcelas edificables conforme a planeamento.

A relación de propietarios e superficies que figura no PERI , a título informativo, segundo datos do IBI é a seguinte:

UNIDADE DE NORMALIZACION DE PREDIOS UNP4.-

Nº ORD E	SUPERFICIE	POLÍGO	PARCELA	ENDEREZO	NOME E APELIDOS	DOMICILIO
70	218,87 (25,81)	UNP4	38567-26	R/COLOMBIA, 20	COMUNIDADE PROPIETARIOS	R/COLOMBIA, 20
73	75,87	UNP4	38567-29	R/COUTO PIÑEIRO, 12	JOSE ALBERTE SOUSA	R/COUTO PIÑEIRO, 12
74	120,69	UNP4	38567-30	R/COUTO PIÑEIRO, 14	JOSE RODRIGUEZ GONZALEZ	R/COUTO PIÑEIRO, 14
75	162,47 (80,72)	UNP4	38567-31	R/COUTO PIÑEIRO, 16	HERMINIA ALVAREZ PARAMOS/BENIGN	R/COUTO PIÑEIRO, 16/CEDRO Nº 2 BAIXO

					O FERNÁNDEZ ÁLVAREZ	
--	--	--	--	--	------------------------	--

O obxecto do Proxecto é a reorganización da propiedade en solo urbano consolidado para adapta-la configuración física das parcelas , en aplicación do planeamento urbanístico, sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do Concello.

Trátanse de finalidades propias destes instrumentos, segundo o artigo 122 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e artigos 117 a 121 do Regulamento de Xestión Urbanística, ó que se aten a documentación presentada.

PARCELAS INICIAIS.-

O Proxecto de Equidistribución refírese a unha superficie de 303,38 m² , de catro parcelas rexistradas e catastrais:

A número 70 do PERI (Parcela 38567-26 catastral), á que a normalización de predios aféctalle unicamente 25,10 m² dos 218,87 m² totais .

A número 73 do PERI ((Parcela 38567-29 catastral), á totalidade da súa superficie , de 75,87 m².

A número 74 do PERI ((Parcela 38567-30 catastral), á totalidade da súa superficie , de 120,69 m².

A número 75 do PERI ((Parcela 38567-29 catastral), á que a normalización de predios aféctalle unicamente 81,62 m² dos 162,47 m² totais , quedando o resto de 80,85 m² incluídos polo PERI na Actuación illada AI3 , para completar o viario.

PARCELAS RESULTANTES.-

A finca de resultado proposta axústase á ordenación detallada no PERI aprobado definitivamente.

En total o número de parcelas resultantes son dúas :

- Parcela "A", básicamente igual á "70" inicial, á que se engaden 1,70 m² para acadar a aliñación establecida no PERI.

Superficie total da parcela "A": 220,57 m²

Superficie dentro da UNP4 : 26,80 m²

- Parcela "B", resultado da agrupación das 73, 74 e 75 iniciais , restados os 1,70 m² que se incorporan á anterior 70.

Superficie total da parcela "B": 357,33 m²

Superficie dentro da UNP4 : 276,48 m²

Superficie na AI3: 276,48 m²

Coa proposta non se produce minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan, xa que as parcelas quedan edificables segundo a ordenanza de aplicación do PERI (Ordenanza CP de Couto Piñeiro) , nin , xa que logo, variacións na valoración dos predios

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- No art. 19.b) Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA) obrígase aos propietarios de solo urbano consolidado a: "Regulariza-los predios para adapta-la súa configuración ás esixencias do planeamento cando fose preciso por se-la súa superficie inferior á parcela mínima ou a súa forma inadecuada para a edificación".

Do mesmo xeito, o art. 122 LOUGA preceptúa que:

"1. Cando fose necesario adapta-la configuración física das parcelas en solo urbano consolidado, en aplicación das determinacións do planeamento urbanístico, o municipio poderá delimitar zonas de normalización de predios sen que iso produza minoración dos aproveitamentos atribuídos polo plan nin imposición de cesión de aproveitamento lucrativo a favor do municipio.

As eventuais variacións no valor dos predios compensaranse en metálico ou na forma en que cada caso se estableza no correspondente procedemento.

2. O procedemento para delimita-las zonas de normalización de predios, se non se contivese no planeamento de ordenación detallada, iniciarase de oficio ou por instancia de parte, e deberá incluír unha memoria e planos xustificativos, someténdose a audiencia dos interesados por prazo de vinte días. A competencia para a resolución do procedemento correspóndelle ó órgano municipal competente."

Neste caso o proxecto de normalización de fincas cumpre o disposto nas referidas normas, así como no PERI IV-01 San Roque A. Limitase a rectifica-los lindeiros das fincas incluídas no ámbito, convertíndoas en edificables, sen diminuír o seu aproveitamento urbanístico nin o seu valor.

II.- Alegacións formuladas durante o trámite de audiencia por D. Avelino Gutiérrez Landeiro (24/04/2006, doc. 60043200) e Dª Purificación Domínguez Taboada (24/04/2006, doc. 60043420).

Contido: Opóñense á aprobación do proxecto de normalización de fincas. Alegan en síntese que afecta á zona común de lavadoiro e trasteiros, anexa ao edificio existente na r/ Colombia interior 20, diminuíndo o valor do inmovible.

Informe:

- A delimitación desta área de normalización de fincas efectuouse directamente no PERI IV-01 San Roque, aprobado definitivamente por Acordo plenario municipal do 29/07/2002 (expte. 6527/411, BOP núm. 184, de 25/09/2002 e DOG núm. 192, de 04/10/2002). Este procedemento limitase a executar as determinacións do PERI, carecendo de marxe para alteralas.

- Como consecuencia desta normalización de fincas non diminuír o valor da parcela sita na r/ Colombia interior 20, senón que polo contrario aumentará, adaptándose os seus lindeiros as aliñacións fixadas polo planeamento vixente e resultando polo tanto edificable.

- O anexo do devandito edificio, no que segundo os alegantes se ubican os lavadoiros e trasteiros, de 25,10 m² de superficie na súa configuración orixinaria, aumenta a 26,80 m² como consecuencia da normalización de fincas. Feito evidente que se constata coa mera superposición do plano "2" (parcelario) co "3" (fincas normalizadas).

- Os propietarios desde inmovible non resultarán obrigados a derrubar ditos lavadoiros/trasteiros como consecuencia da normalización de fincas. Únicamente aumentará a superficie dese "anexo" ao seu favor, de xeito que, cando pretendan edificar consonte coa nova ordenación establecida no PERI poderán facelo completando a aliñación e ocupando polo tanto esa nova superficie adquirida por eles en virtude desta normalización de fincas. Sorprende en consecuencia a súa oposición a este proxecto, cando lles beneficia claramente.

- Tanto o procedemento de aprobación do proxecto de normalización, como o seu contido, axústanse á lexislación vixente aplicable, antes reseñada, así como á xurisprudencia consolidada (ad. ex. Sentenzas do Tribunal Supremo do 24/11/1997 -apel. 1801/2002, relator: Excmo. Sr. Sanz Bayón, RJ 9432-, e do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia 327/2004, do 07/04/2004 -rec. 4486/2000, relator: Ilmo. Sr. López Keller-).

Proposta: Desestimar as alegacións.

III.- É competente para adopta-lo Acordo que agora se propón, a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127.1.d) Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA).

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Aprobar definitivamente o proxecto de normalización de predios da "UNP 4" do PERI IV-01-San Roque A, redactado polo arquitecto D. Enrique Rodríguez Alfaro, con Memoria e Planos visados polo COAG no 10/02/2006 (expte. 4636/401).

SEGUNDO: Desestimar as alegacións formuladas por D. Avelino Gutiérrez Landeiro e D^a Purificación Domínguez Taboada durante o período de información pública polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo.

TERCEIRO: Unha vez firme na vía administrativa, deberá inscribirse o proxecto de normalización no Rexistro da Propiedade.

CUARTO: Notifíquese o contido íntegro deste Acordo a "Viuconsa SA", aos alegantes e aos demais propietarios do ámbito, coa indicación de que contra él cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición no prazo dun mes nesta Administración municipal, ou recurso contencioso-administrativo no Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(992).- SOLICITUDE DE REVERSIÓN DE TERREOS CEDIDOS PARA AMPLIACIÓN DE VIAL EN VERDEAL (CORUXO). EXPTE. 4688/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 17.07.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 17/06/1980 a Comisión Municipal de Goberno acordou: "Autorizar a D^a Marciana Fernández Alonso para construír con arreglo a los planos presentados primitivos y reformados una nave de planta baja y dos plantas para almacén, oficinas y vivienda de servicio en el Barrio de Verdeal-Corujo (...). Esta licencia tiene carácter provisional, debiendo renovarse cada 4 años (...). El interesado vendrá obligado a ceder al Ayuntamiento 270 m2 de terreno con destino a viales, completamente urbanizado y ajardinado (...) –expte. E-13090/77-“.

2º.- En cumprimento do disposto no referido Acordo, en data 07/03/1983 D^a Marciana Fernández Alonso e o seu esposo D. Juan Comesaña Álvarez outorgaron perante o entón notario de Vigo D. Luis Solano Aza escritura pública de cesión ao Concello dunha porción de terreo de 270 m2 de superficie. Dita cesión inscribiuse no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo, Tomo 500, Secc. 3ª, Fº 91, finca 37.467, inscrición 1ª.

3º.- No 29/06/2006 D. Juan Comesaña Álvarez presentou un escrito nesta Administración municipal no que solicitou a reversión do terreo cedido con motivo da devandita licenza, toda vez que, segundo manifesta, o proxecto do vial xustificativo da cesión non se chegou a executar.

4º.- En data 14/07/2006 a arquitecta municipal emitiu un Informe no que, entroutros extremos, manifestou o seguinte:

“No PXOU actualmente vixente (aprobado definitivamente o 29 de abril de 1993) a parcela está clasificada como solo urbano consolidado, situada, parte, na ordenanza 2.2.D.a, de Industria Xardín Tamaño Medio, cunha edificabilidade de 4 m³/m² e unha altura máxima de 10 ml, a parcela mínima é de 1.000 m². A parte adxacente á Avda. Ricardo Mella atópase dentro da aliñación do vial. No PXOM aprobado provisionalmente o 19 de maio de 2006, a parcela cedida está clasificada como solo urbano consolidado con ordenanza de aplicación 12 Edificación Industrial, grado 4º, Industria Pequena, edificabilidade 0,8 m²/m². Parte da parcela atópase dentro da aliñación da Avda. Ricardo Mella.”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As cesións urbanísticas realizadas como requisito previo para poder edificar nunha parcela que carecía da condición de soar teñen unha natureza xurídica substancialmente distinta da doazón civil (arts. 618 e ss. do Código Civil) e da expropiación forzosa. Por unha banda, ditas cesións derívanse dunha obriga legal de carácter imperativo e indispoñible (arts. 39 e ss. RD 3288/1978 e arts. 82 e ss. TRLS-76). Pola outra, o cedente obtén unha ventaxe inmediata a cambio da cesión: A autorización para edificar, que só se pode conceder sobre parcelas que cumpran a condición de soar.

Como correlato á obriga de cesión gratuita e urbanización de terreos para a regularización de vial, o titular da licenza (expte. E-13090/77) adquiriu o dereito á construción dunha nave e vivenda, materializando o seu aproveitamento urbanístico na parcela en cuestión.

Consecuentemente, o suposto de feito non se corresponde co da “reversión” regulada no art. 40 Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) e art. 54 da Lei de Expropiación Forzosa (S TS do 07/07/2003 -RJ 2003\6312-) [dereito de reversión que, no caso hipotético de existir, tería prescrito tempo atrás].

A porción de terreo cedido ao Concello integrouse no dominio público municipal. No suposto hipotético de que se puidese considerar “parcela sobrante” aos efectos do disposto nos arts. 268 e ss. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) sería preciso un previo acordo municipal de desafección. Posteriormente podería allearse ao propietario colindante, a título oneroso, polo seu valor urbanístico.

Elo sen prexuízo de que ao parecer, tal e como sinalou a arquitecta municipal no Informe antes citado, a parcela en cuestión segue afectada polas aliñacións da rúa Ricardo Mella, prevéndose no planeamento o seu ensanche sobre dita parcela.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O

PRIMEIRO: Desestimar a solicitude formulada por D. Juan Comesaña Álvarez en data 29/06/2006 de reversión dun terreo de 270 m² no lugar de Verdeal (Coruxo) cedido ao Concello para ampliación de viais mediante escritura pública outorgada no 07/03/1983 perante o entón notario de Vigo D. Luis Solano Aza e inscrito no Rexistro da Propiedade núm. 2 de Vigo, finca 37.467, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (exptes. 4688/401 e 13090/77).

SEGUNDO: Notifíquesele o contido íntegro deste Acordo ao solicitante, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíquesele tamén ás oficinas municipais de “Patrimonio” e “Vías e Obras”, a fin de que executen coa máxima celeridade o ensanche da rúa Ricardo Mella previsto no planeamento sobre a finca cedida.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(993).- SOLICITUDE DE REVERSIÓN DE TERREOS CEDIDOS PARA EXECUCIÓN DE VIAL EN TOMÁS A. ALONSO. EXPTE. 16879/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, do 17.07.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- En data 03/01/1973 a Comisión Municipal de Goberno acordou autorizar a D. Juan Domínguez Fernández e outros para construír un edificio de sosto, planta baixa e cinco plantas altas (10 vivendas) na r/ Tomás Alonso 43, co compromiso de ceder a superficie do terreo afectada pola ampliación e execución de viario público (expte. 8188/72).

Consta no expediente un documento de data 27/12/1972 de cesión ao concello dos terreos afectados. Documento outorgado polos propietarios do terreo e o Alcalde-Presidente, adverado polo Sr. Secretario municipal.

2º.- No 19/02/2004 D. Juan Domínguez Fernández presentou un escrito nesta Administración municipal no que solicitou a reversión do terreo cedido con motivo da devandita licenza, toda vez que, segundo manifesta, o proxecto do vial xustificativo da cesión non se chegou a executar.

3º.- En data 17/03/2004 o arquitecto da oficina municipal de Patrimonio emitiu un Informe no que, entroutros extremos, manifestou o seguinte:

“Consultado el Plan General vigente se comprueba que el terreno cedido se encuentra en el ámbito del PERI Seara Norte SU I-05, figurando entre los objetivos de esta figura de planeamiento la “mellora do sistema viario mediante a conexión do vial previsto no PERI Seara Sur, coa rúa Tomás Alonso”. Dicha conexión viaria presumiblemente coincidirá sobre la parcela de referencia, anexa a la fachada lateral del edificio, cuya licencia condicionó su cesión al Concello”.

No 20/09/2004 o Enxeñeiro Técnico Municipal de Obras Públicas emitiu un Informe no que fixo constar o seguinte:

“Como ya se indica en el informe de la oficina de Patrimonio de 17 de marzo del presente año, los terrenos cuya reversión se solicita, están dentro del PERI I-05 Seara Norte, por el momento sin desarrollar. Por tanto, no es cierto que el vigente PGOU indique la inexistencia de un vial, oq ue diga expresamente que el mismo no se va a abrir, precisamente porque entre los objetivos del citado PERI se encuentra la conexión viaria con la calle

Tomás A. Alonso. Ese objetivo, desde la perspectiva de planeamiento, no avala precisamente el argumento utilizado por el solicitante (...)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

As cesións urbanísticas realizadas como requisito previo para poder edificar nunha parcela que carecía da condición de soar teñen unha natureza xurídica substancialmente distinta da doazón civil (arts. 618 e ss. do Código Civil) e da expropiación forzosa. Por unha banda, ditas cesións derívanse dunha obriga legal de carácter imperativo e indispoñible (arts. 39 e ss. RD 3288/1978 e arts. 82 e ss. TRLS-76). Pola outra, o cedente obtén unha ventaxe inmediata a cambio da cesión: A autorización para edificar, que só se pode conceder sobre parcelas que cumpran a condición de soar.

Como correlato á obriga de cesión gratuita e urbanización de terreos para a regularización de vial, o titular da licenza (expte. E-8188/72) adquiriu o dereito á construción dun edificio, materializando o seu aproveitamento urbanístico na parcela en cuestión.

Consecuentemente, o suposto de feito non se corresponde co da “reversión” regulada no art. 40 Lei 6/1998, do 13 de abril (LRSV) e art. 54 da Lei de Expropiación Forzosa (S TS do 07/07/2003 -RJ 2003\6312-) [dereito de reversión que, no caso hipotético de existir, tería prescrito tempo atrás].

A porción de terreo cedido ao Concello integrouse no dominio público municipal. No suposto hipotético de que se puidese considerar “parcela sobrante” aos efectos do disposto nos arts. 268 e ss. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA) sería preciso un previo acordo municipal de desafección. Posteriormente podería allearse ao propietario colindante, a título oneroso, polo seu valor urbanístico.

Elo sen prexuízo de que, tal e como sinalaron os técnicos municipais nos seus respectivos Informes antes transcritos, existe gran probabilidade de que o futuro vial que xustificou a cesión finalmente se execute.

É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co disposto no art. 127 LBRL

En virtude do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte A C O R D O:

PRIMEIRO: Desestimar a solicitude formulada por D. Juan Domínguez Fernández en data 19/02/2004 de reversión dun terreo cedido na rúa Tomás Alonso cedido ao Concello para ampliación de viais no expediente de licenza de obras 8188/1972, polos motivos sinalados na parte expositiva deste Acordo (exptes. 16879/240 e 8188/72).

SEGUNDO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo ao solicitante e á comunidade de propietarios do edificio construído na parcela de referencia, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpór, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses. Notifíqueselle tamén ás oficinas municipais de “Vías e Obras” e redactora do novo PXOM. Devólvase o expediente á oficina municipal de Patrimonio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

28(994).- ESCRITO DE “EDUARDO CHAO, PROMOCIÓN DE VIVENDA PROTEXIDA S.L. UNIPERSONAL” PROPOÑENDO A MODIFICACIÓN, POR MUTUO ACORDO, DO CONTRATO DE ALLEAMENTO DA PARCELA MUNICIPAL SITUADA NO PERI 4, BARREIRO 2. EXPTE. 12700/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Mediante escrito remitido por fax a este Concello en data de 21.07.06, a entidade “Eduardo Chao, Promoción de Vivenda Protexida S.L. Unipersonal” comunica que o outorgamento de crédito con garantía hipotecaria, necesario para cumprir a súa obriga de pago no contrato de alleamento a ela, adxudicado pola Xunta de Goberno local en data 29.08.05, esixe a supresión da condición resolutoria sinalada na cláusula 10.4 do Prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexeu no alleamento, que foi reiterada no documento formalizador do contrato asinado en data 7.03.06 (obtención polo adxudicatario da declaración de Vivenda de Protección Autonómica UPA).

No escrito presentado ao adxudicatario acompaña copia da súa solicitude da declaración provisional da UPA presentada ante o órgano autonómico competente.

Entende a Xunta de Goberno local que o escrito da entidade adxudicataria ten como finalidade facilitar e materializar a súa obriga do pago de prezo do alleamento ao Concello de Vigo, pago que, o Concello destinará á financiación da urbanización do entorno onde se localizarán as vivendas de Protección Autonómica de Barreiro polo que o interés de ambas partes en facilitar estas actuacións e coincidente, non supoñendo a suspensión da condición resolutoria sinalada prexuízo para o interés público municipal.

Acordo

En virtude do exposto a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros, acorda:

1º.- Suprimir do contrato de alleamento adxudicado a “Eduardo Chao, Promoción da Vivenda Protexida S.L.” en virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2005, a condición resolutoria mencionada no apartado 10.4 do prego de Cláusulas Económico-Administrativas que rexe o contrato referida á necesidade de obtención da declaración provisional da UPA.

2º.- Dar traslado deste acordo aos interesados.

29(995).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE INTERPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 1036/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 7.07.06 e de acordo do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, da mesma data, conformado pola delegada de dito servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Xordos para a prestación do servizo de interprete de lingua de signos a todas as persoas xordas e asociacións de Vigo que o precisen.

2º.- Facultar a Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá para asinar o citado convenio.

3º.- Autorizar o gasto de 5.600,00 € con cargo á partida 4631 4890007 de Participación Cidadá.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO

Vigo, de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte dona Marta Iglesias Bueno, Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá do Excmo. Concello de Vigo, nomeada por decreto da Alcaldía de data 21 de febreiro de 2005.

E doutra don Miguel Ángel González Lloves, en calidade de Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, con DNI: 36.024.981-N, e domicilio en r/ Romil, 22-24 Baixo, de Vigo.

Ambas as dúas partes, recoñécense, mutuamente, con capacidade e competencia para formalizar o presente convenio.

E X P O Ñ E N:

1.- Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación.

As administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.

2.- A Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo, pretende realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade en canto á calidade de vida das persoas xordas con respecto ó resto dos cidadáns vigueses.

3.- Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ambas as dúas partes capacidade de obrar para afrontar as accións motivo deste convenio, acordan subscribir o presente acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Condicións básicas:

Primeira: Obxecto - O obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, a través da posta a disposición destes dun intérprete da lingua dos signos.

Segunda: Finalidade - A finalidade do convenio é ofrecer a todos os discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos que cubra a Área de Participación Cidadá nos Centros Cívicos Municipais e as asociacións cívicas inscritas no rexistro de asociacións.

Terceira: Funcións - A Asociación de Xordos de Vigo será a encargada de contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos, organizar e planificar o traballo que vai desempeñar, así como avaliar e cantas outras accións sexan necesarias para a realización desta actividade.

Será función do Concello facer fronte ós gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos.

Cuarta: Condicións - Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme a planificación mensual enviada a Asociación de Xordos. Todas as demandas deberán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en canto ó horario se refire.

Nas conferencias, ponencias ou similares, a organización do evento en coordinación co servizo de Atención Cidadá, facilitará o enderezo, o horario e as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre a peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir.

O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Xordos conforme a planificación presentada.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

O servizo será totalmente gratuíto.

A Asociación de Xordos de Vigo, non poderá concertar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.

Quinta: Destinatarios - Serán destinatarios dos servizos do profesional intérprete de lingua de signos todas as persoas xordas e oíntes veciños de Vigo que o precisen.

Sexta: Custo - O custo da execución total do convenio será de 5.600,00 € con cargo á partida 4631 4890007 de Participación Cidadá.

Sétima: Seguimento e avaliación - Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:

Pola Asociación de Xordos de Vigo:

- Miguel Angel González Lloves
Presidente da Asociación de Xordos*
- M^a Carmen González Lloves
Técnica da Asociación de Xordos*

Polo Concello de Vigo:

- Marta Iglesias Bueno
Delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá*
- Francisco J. Gutiérrez Orúe
Xefe do Servizo de Atención Cidadá*

Oitava: Difusión do proxecto – A difusión do proxecto, no relativo a súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo.

Novena: Obrigas da Asociación de Xordos de Vigo - Polo presente convenio, a Asociación de Xordos comprométese a:

- a) Desenvolver as actividades acordadas previamente, atendendo ás orientación e/ou variacións que se poidan acordar por ambas as dúas partes, a través da Comisión de Seguimento e segundo as prioridades marcadas.*
- b) Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos e seguros, etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio.*
- c) Facilitar a inspección, control, etc., de persoal técnico da Área de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
- d) Presentar ó Concello no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio, informes do desenvolvemento da actividade e un informe de avaliación final completo, no que se incluírá unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*

- e) *Aterse ós horarios e condicións marcadas na cláusula cuarta.*
- f) *Participar nas xuntanzas de coordinación marcadas e a petición do persoal da Área de Participación cidadá.*
- g) *En xeral tódalas consignadas no artigo 14 da Lei Xeral de Subvencións*

Décima: Outras obrigas do Concello de Vigo – O Concello de Vigo obrígase ademais a:

- a) *Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.*
- b) *Dispoñer os medios económicos precisos para cubrir os gastos das actividades presentadas, polo importe máximo de 5.600,00 € marcado no presente convenio para o tempo de vixencia do convenio.*

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Undécima – Como norma última, será o Concello, o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Duodécima – O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser a Asociación de Xordos de Vigo a que non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendente. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Presuposto, pago e xustificación:

Décimo terceira – O prezo máximo conveniado ó que se fai referencia na cláusula sexta non poderá ser obxecto de incremento algún.

Décimo cuarta – O pago deste convenio farase da seguinte maneira:

O 50% do importe total 2.800,00 € á sinatura do convenio, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo da actividade. Para iso, o funcionario responsable certificará, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo, que tales actividades están iniciadas.

O segundo e derradeiro pago por importe do 50% restante, 2.800,00 € á finalización do convenio, sempre que se teña xustificado o total do gasto e unha vez sexa xustificada a totalidade do gasto polo funcionario referido e, certificado o cumprimento do convenio polo servizo de Atención Cidadá correspondente, coa conformidade do Presidente da Asociación de Xordos de Vigo e informe favorable da Comisión de Seguimento.

Décimo quinta – A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Atención Cidadá que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado da dar o visto e prace á xustificación da realización da actividade, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes.

A tal efecto a asociación entregarlle ó Concello no prazo máximo de tres meses desde a finalización do convenio unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro

fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.

Réxime xurídico aplicable

Décimo séxta- O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Vixencia

Décimo sexta – O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2006 e finalizará o 31 de decembro de 2006 e poderá ser prorrogable a solicitude da Asociación de Xordos na que propondrá un novo programa valorado de actividades e aceptación pola Xunta de Goberno Local a proposta da Área de Participación Cidadá.

Estando de acordo ambas as partes co anteriormente manifestado, asinan por cuadruplicado o presente convenio.

30(996).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DA SARDIÑA”. EXPTE. 1993/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcriba, entre o Concello de Vigo e a Asociación de Comisións de Festas de Nosa Señora das Neves da Guía para a organización da “Festa da Sardiña”, que se celebrará na Carballeira da Guía, o día 29 de xullo.

2º.- Facultar ao concelleiro de Festas e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 7.800.-euros, a favor da Asociación de Comisións de Festas Nosa Señora das Neves da Guía, CIF G-36731404, mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, domiciliada no Banco Pastor, en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa presupostario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DA GUÍA, PARA A ORGANIZACIÓN DA “FESTA DA SARDIÑA”

Vigo, 28 de xullo de dous mil seis.

REUNIDOS

S.ord. 24.07.06

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELEIRO DE FESTAS E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. JOSÉ GONDA FARIA, PRESIDENTE e en representación da ASOCIACIÓN DE COMISIÓN DE FESTAS NOSA SEÑORA DAS NEVES DE A GUÍA, CIF G-36731404, con domicilio en Vigo, rúa Alonso Ojeda, 14, no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que O CONCELLO está a organizar o programa de actividades e espectáculos das “Festas do Cristo da Victoria 2006”, que se desenvolve nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar a oferta cultural que lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese de apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón.

2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a “Festa da Sardiña”, na carballeira de A Guía, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns.

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a tódolos sectores culturais.

4. Que dende o ano 96 se asinaron convenios de colaboración entre ámbalas entidades pra desenvolver esta mesma actividade, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a organización e a realización da “FESTA DA SARDIÑA”, o vindeiro día 29 de xullo, na carballeira da Guía, dentro da programación das “Festas do Cristo da Victoria 2006”, que organiza a Concellaría de Festas e Animación Sociocultural.

SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:

- 1. Achegar a cantidade de 7.800.-euros, con cargo á partida 451.2.226.08.05, do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o exercicio vixente exercicio.*
- 2. Colaborar coa organización da festa en xestións como a presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.*
- 3. Achegar un total de 500 carteis con motivo da festa, que entregará A ENTIDADE para a súa distribución, cunha natelación mínima de dez días.*
- 4. Incluír esta actividade na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das “Festas do Cristo da Victoria 2006”.*
- 5. Achegar unha Banda Popular de Música con cargo ó convenio asinado polo Concello coa Federación de Bandas Populares de Música de Vigo.*

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

- 1. Asumir todo o concernente á organización da “FESTA DA SARDIÑA”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa presentado.*
- 2. Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio.*
- 3. Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización desta actividade.*
- 4. Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, e comprobar con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
- 5. Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*

- 6. Presentarlle ó Concello a memoria do programa da actividade obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

CUARTA.- O custo total da realización desta actividade, segundo o presuposto presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un importe total de 9.112.-euros, que se financiarán coa achega da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural e a recaudación pola venda dos produtos.

QUINTA.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servicios ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha aportación económica por parte dos usuarios: billetes, entradas,...

Por este motivo, A ENTIDADE propondrá a O CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servicios ou produtos, para obte-la conformidade da Concellaría de Festas e Animación Cultural. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ó público.

Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figura-los conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ó CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (7.800.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente número 0072.0462.88.0000100503, domiciliada no Banco Pastor e da que é titular A ENTIDADE. Para liquida-lo pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ó cumprimento do clausulado do presente convenio.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural durante o desenvolvemento desta actividade, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

OITAVA.- A información sobre a actividade, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas e Animación Sociocultural e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural queda facultada para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un so efecto o presente convenio na data que se indica.

31(997).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CVC DE VALLADARES PARA A ORGANIZAICÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS 2006. EXPTE. 1989/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de 11.07.06 e de acordo do informe-proposta da técnica de Admón. Especial do Servizo de Festas e Animación Sociocultural, da mesma data, conformado polo concelleiro de dito servizo e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Centro Veciñal e Cultural de Valadares para a organización de actividades socioculturais durante o 2006.

2º. -Facultar ao concelleiro da Área de Asuntos Sociais para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e dispor un gasto por un importe total de 15.000.-euros, a favor do Centro Veciñal e Cultural de Valadares, CIF G-36805158, mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 48 0040007435, domiciliada na entidade Caixanova, en concepto do estipulado no convenio, con cargo partida 4512 2270602 (actividades culturais diversas) do programa presupostario de Festas e Animación Cultural para o vixente exercicio.

**PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO- CVC DE VALADARES
PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS**

Vigo, o vinteseis de xullo dous mil cinco.

REUNIDOS

Dunha parte, D. IGNACIO LÓPEZ-CHAVES CASTRO, CONCELLEIRO DA ÁREA DE ASUNTOS SOCIAIS , e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, praza do Rei, s/n; no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. GREGORIO ALVAREZ PEREIRA, PRESIDENTE e en representación do CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES, CIF G-36805158, con domicilio na cidade de Vigo, Estrada xeral de Valadares, 233; no sucesivo A ENTIDADE.

MANIFESTAN

1. Que O CONCELLO organiza o programa de actividades e espectáculos das “Festas do Cristo da Victoria 2006”, que se celebran nos meses de xullo e agosto na cidade de Vigo, co obxecto de potenciar e desenvolver a oferta cultural que se lle achega á cidadanía; neste sentido existe un grande interese en apoiar as festas gastronómicas de ensalzamento de produtos da nosa ría, como son o polbo, a sardiña e o mexillón, así como o noso folclore e cultura popular.

2. Que A ENTIDADE organizou nos últimos anos a “Festa do Polbo” , no monte dos Pozos de Valadares, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, e está en condicións de organizar a presente edición, así como o XIII Revoltallo que terá lugar no Parque Forestal Monte Alba.

3. Que O CONCELLO está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posible de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais

4. Que dende o ano 1996 se asinaron convenios de colaboración entre ámbalas entidades para desenvolver esta mesma actividade, e os resultados acadados foron moi satisfactorios para ámbalas partes.

Por este motivo, o Concello de Vigo e a mencionada entidade establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O obxecto do presente convenio é establecer a relación entre A ENTIDADE e O CONCELLO, para a coorganización de actividades socioculturais, concretamente o “XIII Revoltallo” e a “Festa do polbo” no monte dos Pozos, según o programa presentado.

SEGUNDA.- Os compromisos que asume O CONCELLO con respecto á ENTIDADE son os seguintes:

1. Achegar a cantidade de 15.000.-euros con cargo á partida 4512 2270602 (actividades culturais diversas) do programa orzamentario de Festas e Animación Sociocultural para o vixente exercicio, para a Festa do Polbo e o XIII Revoltallo.
2. Colaborar na organización das actividades en xestións como presenza da Policía Local e Protección Civil, para o seu bo desenvolvemento.
3. CONCELLO achegará un total de 500 carteis con motivo da “Festa do Polbo”, que lle serán entregados á ENTIDADE para a súa distribución, cunha antelación mínima de dez días.

4. *Incluír a Festa do Polbo na campaña de publicidade que O CONCELLO realice con motivo do programa das "Festas do Cristo da Victoria 2006".*

TERCEIRA.- As obrigas que asume A ENTIDADE son as seguintes:

1. *Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir os programas que figuran como anexo I.*
2. *Asumir todos os gastos que se deriven deste convenio, agás os especificados como responsabilidade do CONCELLO na cláusula anterior.*
3. *Deberá obter todos os permisos e autorizacións necesarias para a realización destas actividades.*
4. *Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.*
5. *Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.*
6. *Presentarlle ao Concello a memoria do programa das actividades obxecto deste convenio, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo os seguintes datos: datos globais de participación, balance económico con detalle dos gastos e ingresos realizados. Os gastos se acreditarán mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurífico mercantil ou eficacia administrativa e máis un informe xeral de incidencias.*

CUARTA.- O custo total da realización destas actividades, segundo o orzamento presentado pola ENTIDADE e que figura no anexo II do presente convenio, ascende a un importe total de 28.470.-euros no caso do XIII Revoltallo, e de 46.400.-euros, no caso da Festa do Polbo.

QUINTA.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ao público en xeral, e o seu acceso será público e gratuito; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos/as usuarios: billetes, entradas,...

Por este motivo, A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade das concellarías correspondentes. A ENTIDADE deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visible, o listado de prezos de venda ao público.

Para tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A ENTIDADE proporalle ao CONCELLO os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

SEXTA.- O CONCELLO aboará o pagamento estipulado na cláusula segunda do convenio (15.000.-euros), mediante transferencia bancaria á conta corrente núm 2080 0082 48 0040007435, domiciliada na entidade Caixanova e da que é titular A ENTIDADE. Para liquidar o pagamento, A ENTIDADE presentará solicitude do pagamento e a memoria-avaliación das actividades segundo o estipulado na cláusula terceira, apartado 6, dentro dos 15 días seguintes á súa finalización. O pagamento realizarase previa certificación do responsable técnico da Concellaría de Festas e Animación Sociocultural ao cumprimento do clausulado do presente convenio.

SÉTIMA.- O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a presenza de persoal técnico do CONCELLO durante o desenvolvemento destas actividades, así como en base ás memorias e documentación que presente A ENTIDADE.

OITAVA.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos do CONCELLO e A ENTIDADE, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa do CONCELLO e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

NOVENA.- O CONCELLO non asume ningún outro compromiso dos recollidos no presente convenio.

DÉCIMA.- A vixencia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2006. Así mesmo, non será prorrogable.

DÉCIMO PRIMEIRA.- O concelleiro da Área de Asuntos Sociais queda facultado para resolver as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, no lugar e data que se indican

32(998).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás dez horas. Como secretaria dou fé.

me.

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Ignacio López-Chaves Castro.